

POESÍA



A POESÍA NA ÉPOCA DA REPRODUCIBILIDADE DIXITAL

por **Marco Paone**

Celia Parra coñece moi ben o medio no que escribe —a poesía— e os medios sobre os que escribe, os soportes dixitais e o mundo audiovisual. Coñéceos tan ben que desenvolve unha reflexión en versos que parece ampliar os postulados de Walter Benjamin no seu famoso ensaio de 1936: no mundo contemporáneo, a poesía da autora ourensá atravesas as *pantallas* e desafia a súa aura recargable que ilumina constantemente os espazos íntimos e exteriores da vida cotiá e que converte calquera suxeito nun obxecto perennemente instantáneo, “agora que a memoria é sempre / externa” (39).

Na dialéctica entre antes e agora, entre poema e pantalla, a diferenza está na capacidade de probar sensacións físicas e de saber manter a memoria. Daquela, a historia é un “longo Canto” e a experiencia do papel do libro “aínda nos alimenta”, mentres que o eu alimenta a súa propia imaxe nas pantallas e simultaneamente os “ollos nas mans / para que o desexo poida lambelo todo” (87). A ferida xa non pode cicatrizar, parece suxerir a autora, necesita manter a fenda aberta das redes sociais, nun eterno *download* e *upload* que regula os equilibrios entre a autoestima e aprobación pública.

Ao longo do libro, dividido en tres partes (“Mundo. Cartografía do reflexo”, “Os antigos. Fragmentos dun diario atopado”, “Desexo. Siciar a luz”), a poeta amosa olladas prismáticas sobre a rutina e sobre a vivencia dos momentos extraordinarios da vida humana: a inmersión nunha nova natureza dixital e tecnolóxica e un novo xeito de contemplala. “A fotosíntese é iso / medrarnos en imaxe” (85), afirma Celia Parra. O

tema do espello, evidente dende as epígrafes iniciais, presenta outra cuestión, a relación entre realidade e ficción, imaxes reais e creación de simulacros. Deste xeito, as referencias á natureza biolóxica percíbense como momentos de nostalgia pola perda da unicidade de calquera experiencia, especialmente estética, e pola perda do control sobre o tempo como medida humana. Estas son características das que podían gozar “os antigos” fronte á nova “estirpe hexadecimal” que xa no berce anda perseguida polas pantallas, medra con elas e na súa “textura líquida” (43).

Perfecta síntese deste proceso é a gravación emotiva do amor a través dunha mensaxe vocal, que termina nuns versos entre os máis logrados desta escolma: “A curva máis fermosa, / a parábola desa vogal que docemente arrastra / ao final de palabra / ao final da frase / como folla que cae da árbore / e planea / ata bicar o chan” (69).

A de Celia Parra non é unha crítica desapiadada aos hábitos do mundo actual, máis ben unha constatación dos seus mecanismos. Ela —que leva investigando e traballando cos medios audiovisuais e mesmo creando videopoesía e dirixindo un fermoso proxecto como é *Versogramas*— analiza dende a beira poética, xustamente para sobrevivir a “tiranía do píxel” e ao paso da efemeridade do tempo. De feito, nesta meseta dixital a poesía segue sendo un intersticio que ten a virtude de contar os silencios e, parafraseando os versos da poeta, de falarnos aínda de códecs que non coñecemos.



Pantallas
Celia Parra
Editorial Galaxia
Vigo, 2018
100 páxinas